



www.oqueleo.com

© Do texto: 2024, Paula Carballeira

© Das ilustracións: 2024, Iria Fafián

© Desta edición:

2024, Sanoma Infantil y Juvenil, S. L. e Edicións Obradoiro, S. L.

Oqueleo é unha marca rexistrada, directa ou indirectamente por Grupo Santillana Educación Global, S. L. U., licenciada a Sanoma Infantil y Juvenil, S. L.

Entrecercas, 2 - 15705 Santiago de Compostela

Teléfono: 981 55 27 40

ISBN: 978-84-16834-65-5

Depósito legal: M-13561-2024

Printed in Spain - Impreso en España

Primeira edición: outubro de 2024

Dirección da colección:

Ana María Guerra e Yolanda Caja

Coordinación editorial:

Marta Olivares

Maquetaxe:


Guillermo Abatti

Dirección de arte:

Rosa Marín

Proxecto gráfico:

Marisol del Burgo, Julia Ortega e Laura Ruiz



As materias primas utilizadas na fabricación deste libro son reciclables e cumpren amplamente coa normativa europea de desenvolvemento sostible, economía circular e xestión enerxética.

Calquera forma de reprodución, distribución, comunicación pública ou transformación desta obra só pode ser feita coa autorización dos seus titulares, agás as excepcións que establece a lei. Contacte con CEDRO (Centro Español de Dereitos Reprográficos, www.cedro.org) se necesita fotocopiar ou escanear algún fragmento desta obra.

★ ★ ★ TEATRO ★ ★ ★

QUE CABE NUN CALCETÍN?

Paula Carballeira

Ilustracións de Iria Fafián

oquele_o

Que cabe nun calcetín?

Esta é unha obra de teatro.

7

Esta obra de teatro podería acontecer en calquera lugar do mundo, por exemplo, en Italia.

Pensade por un momento en Italia.

Sabedes que hai bruxas por todas partes, pero en Italia, na noite máxica do cinco de xaneiro, unha bruxa voa de casa en casa e deixa dentro dos calcetíns comida, sobre todo doces e lambonadas, e agasallos. Esa bruxa é a Befana. Mesmo algunhas persoas poden distinguir se o ronsel de luz que se marca no ceo escuro de comezos de xaneiro é a Befana ou só unha estrela fugaz.

Sabedes que Italia ten forma de bota, e que en Italia hai illas, como Sicilia, e cidades fermosas, como Venecia.

Pensade por un momento en Venecia.

8 Sabedes que Venecia ten rúas de terra e rúas de auga, os famosos «canais», por onde podedes navegar nunhas barcas chamadas góndolas. Eu nunca estiven en Venecia, pero penso que debe ser ben bonito cambiar o coche polo barco ou, se es unha bruxa, cambiar a vasoira pola góndola. Ademais, Venecia ten un dos Entroidos máis famosos do mundo. Á xente de Venecia encántanlle as máscaras que cobren a fronte e o nariz, pero non a boca.

Pensade por un momento nas máscaras.

Sabedes que o lugar favorito das máscaras é o teatro. Cando tapamos a cara, cambiamos tanto que podemos transformarnos no que queiramos.

Sabedes que no teatro hai personaxes. Se candra escoitastes falar dun personaxe que se chama Arlequín, ou dunha personaxe que se chama Colombina, ou de Polichinela, ou do Capitán, ou de Pantalone. Algúns destes personaxes levan máscaras e todos veñen de Italia.

Nesta obra de teatro atoparedes estes personaxes. Atoparedes á Befana, e a Colombina, e a Arlequín, e a Polichinela, e a Pantalone, e ao Capitán. Dito doutro xeito: nesta obra atoparedes unha bruxa, unha rapaza intelixente, un rapaz áxil e alegre, un mozo laretas e enredante, un vello que só vive para os cartos e un señor que vai de valente.

Personaxes

COLOMBINA

(Rapaza intelixente)

ARLEQUÍN

(Rapaz áxil e alegre)

POLICHINELA

(Mozo laretas e enredante)

CAPITÁN

(Señor que vai de valente)

PANTALONE

(Vello que só vive para os cartos)

A BEFANA

(Bruxa que reparte comida e agasallos)

Onde acontece esta historia?

Esta historia acontece nas pontes, nos canais e nas rúas da cidade de Venecia, en Italia, e tamén na góndola da Befana, por suposto. A calquera bruxa lle encantaría ir de cando en vez nunha góndola, e moito máis á Befana, para non mollar os zapatos onde garda a maxia.

12

Cando acontece esta historia?

Esta historia acontece a principios de ano, no mes de xaneiro, cando todo comeza: a Befana prepara os seus regalos, as máscaras están novas e Colombina decide facer o posible para ser dona do seu tempo.

Escena 1

Comeza o espectáculo

COLOMBINA, ARLEQUÍN, POLICHINELA,
CAPITÁN, PANTALONE

13

Entran cantando.

PERSONAXES.— Vai empezar o espectáculo!

Soa a música e aquí chegamos.

Cara a onde vos levaremos
sen que saíades dos asentos?

Que vos parece Italia?

Animádevos!

Non custa nada.

Non quededes coas mans pegadas.

Batédeas, sacudídeas, axitádeas.

Aplaudide, se vos presta.

Chegou a alegría.
Chegou a comedia.
Si, somos comediantes,
saltimbanquis ambulantes.
Vimos de todas partes.
Traemos as nosas artes
para divertirvos, para entretervos,
14 para esquecer os malos tempos.

COLOMBINA.— Eu son Colombina.

OS DEMAIS PERSONAXES.— Aínda non!

COLOMBINA.— Aínda non?

OS DEMAIS.— Ti es a protagonista.

A mellor vai ao final.

Agora vai Arlequín.

Arlequín, vai!

ARLEQUÍN.— Vou!

Chamádeme Arlequín.

Rápido coma o raio, áxil coma un rato.

Sempre no medio, sempre enredando.

Pobre coma unha semana sen sábado.

OS DEMAIS.— E namorado.

ARLEQUÍN.— Namorado, eu?

OS DEMAIS.— Namorado.

ARLEQUÍN.— Namorado da xolda,
namorado do salto,
das voltas e reviravoltas,
do enxeño, da vida.

OS DEMAIS.— E tamén de Colombina.

ARLEQUÍN.— Ah, Colombina!

Que lista é!

Que lista!

15

COLOMBINA.— Vou!

OS DEMAIS.— Aínda non!

COLOMBINA.— Aínda non?

OS DEMAIS.— Aínda non!

Vai, Polichinela!

POLICHINELA.— Vou!

Chamádeme Polichinela
se é que vos deixo falar.

Son laretas, larapetas,
contista, músico, arteiro,
o primeiro

para encerellar, enguedellar,
enmarañar, ensarillar...

OS DEMAIS.— Comprendido. Deixa xa de enlear!
POLICHINELA.— Imposible. Esa é a miña condición.

COLOMBINA.— Podo ir xa?

OS DEMAIS.— Aínda non!

COLOMBINA.— Aínda non?

OS DEMAIS.— Aínda non!

16 Vai, Capitán!

CAPITÁN.— Vou!

Chamádeme Capitán, pero non moi forte.

Os berros fanme suar,
creo que me chega a morte
e corro ata o horizonte
e máis alá.

OS DEMAIS.— Coitado!

Moito medo tes para ser soldado.

CAPITÁN.— Medo? Nada diso!

Miro de fronte calquera perigo.

Achéganse ameazantes cara a el. O CAPITÁN recúa.

BUH!!



CAPITÁN.— (*Tremendo coma un flan*). Que facedes? Atrás!

OS DEMAIS.— (*Berran*). Buh!

CAPITÁN.— (*Berra*). Ah! (*Desmáíase*).

COLOMBINA.— Podo presentarme xa?

OS DEMAIS.— Aínda non!

COLOMBINA.— Aínda non?

18 OS DEMAIS.— Falta o vello Pantalón.

PANTALONE.— Vou!

Non atendo a ese nome.

Un respecto.

Son o vello Pantalone.

Teño tanto, tanto ouro, que estou podre...
de cartos, non vaiades pensar.

Odio a miseria,

odio os nenos

e odio as nenas.

Só quero riqueza e silencio para descansar.

OS DEMAIS.— Silencio?

PANTALONE.— Silencio!

TODOS.— A función vai comezar.

Soa a música e aquí chegamos.

Cara a onde vos levaremos
sen que saíades dos asentos?
Que vos parece Italia?
Animádevos!
Non custa nada.
Non quededes coas mans pegadas.
Batédeas, sacudídeas, axitádeas.
Aplaudide, se vos presta. 19
Chegou a alegría.
Chegou a comedia.
Si, somos comediantes,
saltimbanquis ambulantes.
Vimos de todas partes.
Traemos as nosas artes
para divertirvos, para entretervos,
para esquecer os malos tempos.
COLOMBINA.— E eu cando me presento?
OS DEMAIS.— Agora!
COLOMBINA.— Pois agora non quero.

A troupe vai onda COLOMBINA para convencela.